

5 ANÁLISE DA OFERTA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

5.1 PRESENTACIÓN DO CAPÍTULO

5.2 A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FORMACIÓN DE POSGRAO

5.3 OFERTA DE CURSOS DE POSGRAO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

5.4 ANÁLISE COMPARATIVA DA OFERTA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

5.1 PRESENTACIÓN DO CAPÍTULO

Unha vez analizada a demanda de posgrao nas empresas das provincias de Ourense e Pontevedra, pasaremos a analizar a oferta de posgrao da Universidade de Vigo.

En primeiro lugar, e como introdución ao capítulo, presentaremos brevemente a institución da Universidade de Vigo, a súa estrutura e os servizos dos que dispón. Ademais, indicaremos a oferta de programas de posgrao que ten actualmente esta institución.

A continuación, e a partir duns criterios previamente definidos, compararemos a oferta de posgraos da Universidade de Vigo coa doutras institucións que imparten este tipo de formación.


5.2 A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FORMACIÓN DE POSGRAO

5.2.1 Estrutura da universidade

A Universidade de Vigo constitúe desde 1989, xunto coa de Santiago de Compostela e a da Coruña, o Sistema Universitario de Galicia (SUG). Divide a súa actividade entre os campus de Vigo (sede central), Pontevedra e Ourense. O persoal docente xira arredor dos 1.500 profesores e ten uns 30.000 estudantes, dos que o 96,5% corresponden a primeiro e segundo ciclo e o 3,5% restante a terceiro ciclo.

Na figura 43 preséntase a repartición dos estudantes de primeiro e segundo ciclo entre os tres campus. Como se pode observar, o campus de maior importancia neste sentido é o de Vigo, no que ademais hai maior número de titulacións, ocupando o último lugar en número de alumnos matriculados neste nivel o campus de Pontevedra, con apenas o 13% do total.

Figura 43. Repartición dos estudantes de primeiro e segundo ciclo entre os tres campus



A Universidade de Vigo conta con 20 centros superiores e 5 adscritos, que se presentan a continuación, distribuídos por campus.

CAMPUS DE VIGO (LAGOAS-MARCOSENDE)
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Minas
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais
Facultade de Ciencias
Facultade de CC. Económicas e Empresariais
Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo
Facultade de Filoloxía e Tradución
CAMPUS DE VIGO (CIDADE)
Escola Universitaria de Enfermería (Meixoeiro)
Escola Universitaria de Enfermería (Povisa)
Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial
Escola Universitaria de Estudos Empresariais
Escola Universitaria de Formación de Profesorado de EXB
CAMPUS DE OURENSE
Escola Superior de Enxeñería Informática
Escola Universitaria de Enfermería
Facultade de Ciencias
Facultade de Ciencias da Educación
Facultade de Ciencias Empresariais
Facultade de Dereito
Facultade de Humanidades

CAMPUS DE PONTEVEDRA
Escola Universitaria de Enfermería
Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal
Escola Universitaria de Fisioterapia
Facultade de Belas Artes
Facultade de Ciencias da Educación
Facultade de CC. Sociais e da Comunicación

Dos servizos que ofrece a Universidade de Vigo aos seus alumnos destacan, entre outros:

- **Servizos de Alumnado:** Encargado das xestións cos alumnos derivadas da matrícula e as incidencias, admisión de alumnos, proposta das resolucións rectorais, xestión e tramitación de bolsas do MECI e das propias da Universidade de Vigo e da xestión e tramitación dos títulos oficiais e dos títulos propios, así como a actualización e posta ao día dos plans de estudo.
- **Biblioteca Universitaria:** Componse de tres bibliotecas centrais, unha en cada campus, e dunha serie de bibliotecas/salas de lectura repartidas polos distintos campus. Conta con máis de 380.000 volumes e 1.592 recursos electrónicos, nos que se inclúe unha selección de bases de datos.
- **Oficina de Orientación ao Emprego (OFOE):** Facilita a integración laboral dos titulados xestionando as ofertas de emprego e as actividades preprofesionais. Asesora aos universitarios na realización de prácticas empresariais, fixadas nos convenios con diferentes entidades, públicas e privadas. Organiza encontros entre empresa e universidade.
- **Oficina de Iniciativas Empresariais (OFIE):** Colabora na difusión e fomento do espírito emprendedor e ofrece un servizo gratuíto de asesoramento e información a todas aquelas persoas da comunidade universitaria que decidan pór en marcha unha empresa.
- **Oficina de Relacións Internacionais (ORI):** Asesora sobre programas internacionais de formación e xestiona a mobilidade dos estudantes e docentes, en especial no marco dos programas Sócrates, ISEP e o Programa de Cooperación Interuniversitaria. Tamén apoia universitarios e docentes estranxeiros.
- **Servizo de Información, Orientación e Promoción do Estudiante (SIOPE):** Informa e orienta a comunidade universitaria e a sociedade en xeral sobre o que a Universidade de Vigo lles ofrece: oferta educativa, cursos e bolsas, etc.

- Oficina de Investigación e Desenvolvemento (OUTRI): Atende as demandas do contorno universitario e proporciona solucións de apoio por medio das ferramentas tecnolóxicas dispoñibles na universidade (I+D+I).
- Servizo de Publicacións: Ten como funcións principais a edición, difusión e intercambio do labor investigador realizado na universidade e doutras obras de interese cultural e científico. Desenvolve e edita libros, monografías e publicacións periódicas.
- Servizo de Deportes: Este servizo conta anualmente con cerca de 9.000 participantes, oito traballadores propios da universidade e máis de vinte técnicos de entidades colaboradoras. Ten un programa de actividades de inverno, ocio e tempo libre, rutas culturais e escolas deportivas, nas que se poden practicar, entre outros deportes, atletismo, boxeo, hapkido, tenis de mesa, bailes de salón, aeróbic, bádminton, full contact, ioga, judo, kick boxing, natación, pádel, squash, etc.

En canto á oferta de titulacións de grao, na Universidade de Vigo impártense 46 titulacións, 6 das cales son únicas en Galicia. Estas son: Enxeñería Industrial, Enxeñería de Minas, Telecomunicacións, Belas Artes, Publicidade e Relacións Públicas e Tecnoloxía dos Alimentos.

No que se refire á relación universidade-empresa, hai que destacar que a Universidade de Vigo posúe seis cátedras de empresa: Citröen, Fenosa, Telefónica, Comunitel, Anfaco e Coren. Ademais, desde o ano 1991, aumentou a contratación con empresas ininterrompidamente, demostrando así o dinamismo da súa política de I+D. Actualmente conta co VI Programa Marco de I+D da Unión Europea, con vixencia ata o 2006, dotado de estruturas melloradas respecto a anos anteriores.

Ademais, sitúase nunha posición de vangarda entre as universidades de nova creación pola súa produción científica. Actualmente ten 260 grupos de investigación que xeraron unha importante produción científica en teses de doutoramento, publicacións, congresos e patentes rexistradas.

5.2.2 A formación de posgrao na Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo potencia a docencia de cursos de posgrao para responder ás necesidades específicas de carácter científico, profesional, social ou económico. A área de Estudos Propios, Posgrao e Formación Continua é a encargada da organización dos cursos e actividades da universidade encamiñadas á formación complementaria e da coordinación da oferta de másters e cursos de especialización dirixidos tanto a docentes como a alumnos.

Recentemente foi creada a Área de Innovación Académica, dependente do Vicerrectorado de Titulacións, Posgrao e Formación Permanente, co obxectivo de actuar como unha ferramenta operativa que fomenta o uso das novas tecnoloxías da información nas actividades docentes.

Tal como se comentou no capítulo 3, o Convenio interuniversitario sobre estudos de posgrao, conducente a títulos propios das universidades, é un texto flexible que permite unha certa liberdade na denominación dos posgraos. Sen prexuízo da definición que se presentou nese capítulo sobre os posgraos, a Universidade de Vigo definiu as ensinanzas de posgrao como estudos dunha duración temporal non superior a dous anos, cunha denominación concreta e non necesariamente mantidos no tempo. Divide, así mesmo, a oferta de posgraos entre programas orientados a proporcionar un alto nivel de formación e outros programas dirixidos á especialización, actualización e mellora das cualificacións profesionais.

Figura 44. Tipoloxía de posgraos ofertados pola Universidade de Vigo segundo a súa duración



Dentro da oferta que a propia Universidade de Vigo denomina cursos de posgrao, encontramos os seguintes programas:

- **Máster universitario:** Debe ser impartido como mínimo durante un ano académico e ten unha carga lectiva mínima de 50 créditos, entre teóricos e prácticos. Dá dereito á obtención dun título propio de máster en...
- **Especialista universitario / posgrao:** Debe ser impartido como mínimo durante un semestre e ten unha carga lectiva mínima de 20 créditos, entre teóricos e prácticos. Dá dereito á obtención dun título propio de especialista en...


O resto da oferta correspóndese con outros cursos dunha duración temporal inferior a un ano, coa finalidade de contribuir á especialización, actualización e mellora das cualificacións profesionais. Estrutúranse en:

- Cursos de formación: de 3 créditos lectivos como mínimo e un máximo de 20. Dá dereito á obtención dun diploma expedido pola Universidade de Vigo.
- Cursos complementarios: de 1 crédito lectivo como mínimo e 10 como máximo. Dá dereito á obtención dun certificado de asistencia expedido pola Universidade de Vigo.

5.3 OFERTA DE CURSOS DE POSGRAO DA UNIVERSIDADE DE VIGO


Na actualidade, a Universidade de Vigo oferta 56 programas de posgrao, que, segundo a clasificación anterior, distribúense como segue:

Figura 45. Oferta de programas de posgrao da Universidade de Vigo




Segundo os últimos datos publicados sobre cursos de posgrao pola Conferencia de Rectores de Universidades de España (CRUE), referidos ao curso 2000-2001, na Universidade de Vigo os alumnos prefiren lixeiramente os programas Master aos de Especialista.

Figura 46. Porcentaxe de alumnos matriculados na Universidade de Vigo en ensinanzas de posgrao (Curso 2000-2001)



No capítulo referido á demanda fixemos mención a tres categorías de posgraos: xeneralistas, funcionais e sectoriais. Partindo dos plans de estudo da Universidade de Vigo, clasificamos a oferta de cursos de posgrao (máster e especialista) segundo estes tipos de programas, obtendo a distribución recollida na seguinte figura.


Figura 47. Distribución dos cursos de posgrao da Universidade de Vigo por categoría



Como se pode observar, máis da metade da oferta céntrase nos programas de tipo sectorial, mentres que unicamente o 5,3% dos programas de posgrao son xeneralistas. Neste sentido, debemos recordar que as empresas consultadas preferían os posgraos xeneralistas e os sectoriais.

Se clasificamos a oferta por áreas de coñecemento, obtemos os seguintes resultados:


Figura 48. Distribución dos cursos de posgrao da Universidade de Vigo por áreas de coñecemento



Segundo a CRUE, os posgraos preferidos polos alumnos son os da rama social, seguidos dos da rama científico-técnica e da de humanidades. Na anterior figura pódese observar a distribución dos alumnos matriculados no curso 2000-2001 en cursos de posgrao da Universidade de Vigo por áreas de coñecemento.

77

Figura 49. Porcentaxe de alumnos de ensinanzas de posgrao clasificados por rama de estudos. Curso académico 2000-2001.



A continuación preséntase unha relación con todos os programas ofertados pola Universidade de Vigo, tanto cursos de posgrao como outros cursos. Ademais, esta oferta clasifícase segundo as tres categorías citadas anteriormente, xeneralistas, funcionais e sectoriais.

Táboa 1. Relación de cursos de posgrao e outros cursos ofertados pola Universidade de Vigo

CURSOS MÁSTER
XENERALISTAS
Dirección e xestión de pequenas e medianas empresas
FUNCIONAIS
Auditoría e contabilidade
Condições de traballo e prevención de riscos laborais
Interpretación da lingua de sinais española (LSE)
Emigración e retorno. Integración sociolaboral
Procesos cognitivos para a aprendizaxe escolar, especialidade en orientación escolar (OE)
Procesos cognitivos para a aprendizaxe escolar, especialidade en dificultades da aprendizaxe lecto-escritora (DAL)
Procesos cognitivos para a aprendizaxe escolar, especialidade en dificultades da aprendizaxe matemática (DAM)
Dirección de comunicación e protocolo
Axentes de emprego e novas tecnoloxías da información: planificación, financiamento e xestión de proxectos
Graduado superior en ciencia e tecnoloxía do medio ambiente
SECTORIAIS
Calidade microbiolóxica en industrias alimentarias. Especialidade en control de augas, alimentos e medio ambiente
Calidade microbiolóxica en industrias alimentarias. Especialidade en restauración e colectividades
Ciencia e tecnoloxía de conservación de produtos da pesca
Dirección e xestión de programas e centros xerontolóxicos sociosanitarios
Organización e dirección turística
Xestión en empresas de automoción
Xestión e dirección de administracións públicas

CURSO DE ESPECIALISTA**XENERALISTAS**

Empresa familiar

FUNCIONAIS

Auditoría e contabilidade

Dereito tributario

Emigración e retorno. Integración sociolaboral

Fisioterapia do deporte

Fisioterapia termal e balneoterapia

Interpretación da lingua de sinais española (L.S.E.)

Desenvolvemento de aplicacións intelixentes en Internet

Problemas actuais do dereito na empresa

Procesos cognitivos para a aprendizaxe escolar, especialidade en orientación escolar (OE)

Procesos cognitivos para a aprendizaxe escolar, especialidade en dificultades da aprendizaxe lecto-escritora (DAL)

Procesos cognitivos para a aprendizaxe escolar, especialidade en dificultades da aprendizaxe matemática (DAM)

Responsabilidade profesional médico-sanitaria

SECTORIAIS

Calidade microbiolóxica en industrias alimentarias. Especialidade en control de augas, alimentos e medio ambiente

Calidade microbiolóxica en industrias alimentarias. Especialidade en restauración e colectividades

Dirección de administracións públicas

Xestión de administracións públicas

Automatización industrial (sistemas Simatic Step 7)

Organización e dirección turística

Administración e dirección de organizacións non lucrativas

CURSO DE FORMACIÓN

Curso de formación básico de orientación á enxeñería

Introdución á bolsa e seguimento de valores

Introdución á bolsa (E.U. Empresariais)

Introdución á bolsa (F.CC. Xurídicas e do Traballo)

O réxime tributario das PEMES

Formación deportiva

Aproveitamento enerxético mediante minicentraís hidráulicas

Facendas autonómicas e locais

Arqueoloxía de campo

Curso de formación de cooperativas

CURSOS COMPLEMENTARIOS

Réximes especiais da Seguridade Social

Introdución ao sistema operativo Linux e ao software libre

Curso complementario en educación social: Realidade dos campos de intervención das educadoras e educadores sociais

A internacionalización dos dereitos laborais

Reforma do desemprego en España

Mat-lab orientado á docencia

A reforma da lexislación concursal

Álvaro das Casas e os seus temas: xuventude, escena, galeguismo e ecoloxía

5.4 ANÁLISE COMPARATIVA DA OFERTA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Segundo unha enquisa sobre a imaxe que a universidade ten no país, realizada pola Axencia Nacional de Avaliación e Acreditación (Aneca) entre máis de 6.000 persoas maiores de 16 anos de toda España, un 75% dos españois manifestan preferir a formación de grao impartida polas universidades públicas á que imparten as universidades e outros centros privados. Ademais, un 84% prefire as universidades que están na súa Comunidade Autónoma ou preto dela e un 92% a formación presencial. No caso da formación de posgrao, aínda que con menor porcentaxe, segue sendo preferida a oferta de posgrao das universidades públicas. Un 64% prefire outras alternativas.

Á vista destes resultados, podemos considerar a proximidade como un dos criterios clave para a elección de programas de posgrao por parte dos clientes, sexan estes empresas ou titulados. Por isto, comparamos a oferta de posgrao da Universidade de Vigo coas ensinanzas de posgrao que se imparten nas outras dúas universidades galegas, a de Santiago de Compostela e a da Coruña.

Tamén se realizou unha análise comparativa de produtos, identificando en que outras institucións se imparten posgraos coa mesma temática que na Universidade de Vigo, para a continuación realizar unha análise comparativa tanto dos programas formativos como das propias institucións.

Para a comparativa con outras institucións definíronse dúas variables de comparación que consideramos clave, institución e conexión co mercado laboral. A variable "institución" agrupa distintos servizos que a entidade formativa ofrece ao alumno; neste caso consideráronse: biblioteca, aulas de internet, laboratorio de idiomas, bolsas e programas de intercambio. A variable "conexión co mercado laboral" agrupa: bolsa de traballo, prácticas laborais e asociación antigos alumnos.

5.4.1 Análise comparativa por proximidade

Neste apartado analizaremos a oferta de cursos de posgrao que existe nas tres universidades públicas da Comunidade Autónoma galega, xa que consideramos que todas elas dan servizo a unha mesma realidade empresarial.

5.4.1.1 Análise comparativa da oferta formativa de posgrao

Segundo os datos da CRUE, en España había, no curso 2000-2001, 75.029 alumnos matriculados nas diferentes ensinanzas de posgrao. Estes repartíanse case de maneira igualitaria entre os programas máster, experto e especialista, este último cunha porcentaxe algo maior, case o 38% dos alumnos.

Táboa 1. Número de alumnos de ensinanzas de posgrao clasificados por universidades e tipo de estudos. Curso académico 2000-2001.

	MÁSTER	ESPECIALISTA	EXPERTO	TOTAL	MÁSTER	ESPECIALISTA	EXPERTO
U. DA CORUÑA	428	83	707	1.218	35,14%	6,81%	58,05%
U. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	556	658	0	1.214	45,80%	54,20%	0,00%
U. DE VIGO	73	64	0	137	53,28%	46,72%	0,00%
U. DE GALICIA	1.057	805	707	2.569	41,14%	31,34%	27,52%
TOTAL UU.PP. ESPAÑA	23.264	28.210	23.555	75.029	31,01%	37,60%	31,39%

81

Como se pode observar na táboa anterior, en Galicia estaban matriculados neste tipo de programas un total de 2.569 alumnos (tan só o 3,4% do total nacional). Ademais, en Galicia as preferencias entre os distintos tipos de programas son distintas. Así, na nosa Comunidade Autónoma os programas máster son os máis preferidos polos alumnos, con algo máis do 41% do total de matriculados en cursos de posgrao, seguidos dos programas de especialista.

Só a Universidade da Coruña ofrece cursos de experto universitario, que son tamén os máis demandados nesa universidade, con case un 60% dos alumnos de posgrao matriculados, se ben non teñen ningún peso nas outras dúas universidades.

Na Universidade de Santiago de Compostela a ensinanza de posgrao preferida polos alumnos son os cursos de especialista, elixidos por un 54% dos alumnos, mentres que na Universidade de Vigo, tal e como presentamos no apartado anterior, os alumnos decántanse principalmente polos programas Máster.

No que se refire a ramas de ensinanza máis demandadas polos alumnos, obsérvase, tanto nas universidades galegas como do resto de España, unha preferencia xeneralizada pola rama social, sendo máis acusada esta tendencia nas universidades galegas que no resto de universidades.

Táboa 2. Número de alumnos de ensinanzas de posgrao clasificados por universidades e rama de ensinanza. Curso académico 2000-2001

	ESTRUTURA PORCENTUAL (%)				
	HUMANIDADES	SOCIAIS	EXPERIMENTAIS	CC. SAÚDE	TÉCNICAS
U. DA CORUÑA	7,06	58,62	2,46	15,35	16,50
U. DA SANTIAGO DE COMPOSTELA	5,19	58,73	6,26	25,21	4,61
U. DE VIGO	10,22	55,47	0,00	0,00	34,31
U. DE GALICIA	6,34	58,51	4,13	19,19	11,83
TOTAL UU.PP. ESPAÑA	8,57	42,64	6,85	22,30	19,65

Como comentamos, a rama de ensinanza preferida nas tres universidades galegas é a social, aínda que tamén hai que destacar tamén a rama técnica na Universidade de Vigo e a rama das ciencias da saúde na Universidade de Santiago.

Compáranse a continuación, por rama de especialidade, tanto os cursos de posgrao como os de formación que se imparten nas tres universidades galegas⁴.

Rama	Universidade de Vigo		Universidade de Santiago		Universidade da Coruña	
	Máster	Especialista	Máster	Especialista	Máster	Especialista
Rama científico-técnica	4	6	1	1	6	8
Ciencias da saúde	0	0	12	6	6	13
Rama social	10	10	21	27	20	38
Rama humanística	3	5	2	4	4	6

Ademais das universidades públicas, e tendo en conta que estamos analizando a oferta formativa de posgraos en función da proximidade, debemos sinalar tamén a Escola de Negocios Caixanova, institución orientada á formación de empresarios e directivos, e que polo tanto está dedicada principalmente á rama social. Entre a súa oferta de posgrao inclúe másters xeneralistas, como o MBA ou Executive MBA; funcionais, como o de Dirección comercial e *márketing*, Dirección de recursos humanos, etc.; e posgraos sectoriais, como o Máster en dirección de empresas agroalimentarias. Á súa vez imparte outros programas para directivos, como cursos avanzados, seminarios e cursos de verán.

⁴ En Anexos inclúese a lista completa dos cursos de posgrao da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade da Coruña.

5.4.1.2 Análise comparativa de institucións

Como antes sinalamos, para as tres universidades públicas galegas, Santiago, Vigo e A Coruña, realizaouse unha comparativa en función de dúas características que consideramos clave, institución e conexión co mercado laboral.

A observación destas características para as tres universidades galegas preséntase na seguinte táboa.

Táboa 1. Análise comparativa das tres universidades galegas

	Biblioteca	Aulas de Internet	Laboratorio de idiomas	Bolsas	Programas de intercambio	Bolsa de traballo	Prácticas laborais	Asociación antigos alumnos
Universidade de Vigo	X	X		X	X	X	X	
Universidade de Santiago de Compostela	X	X		X	X			
Universidade da Coruña	X	X		X	X			

Vemos que, todas elas inclúen biblioteca, aulas de acceso a Internet, bolsas e programas de intercambio. Ademais, a Universidade de Vigo conta con bolsa de traballo e prácticas en empresas⁵.

83

5.4.2 Análise comparativa por produtos

Como antes comentamos, para realizar a análise comparativa da oferta da Universidade de Vigo por produtos, comezouse por identificar outras universidades españolas que imparten os mesmos programas que a Universidade de Vigo. Unha vez identificadas estas institucións, realizárase a análise comparativa baseándonos en tres variables: a duración en meses ou cursos de cada programa, o número de horas ou créditos e o prezo deles.

Preséntanse a continuación os resultados desta comparativa, ordenados por "competencia", é dicir, comezaremos polos programas dos que existe maior oferta no ámbito nacional.

⁵ Esta información obtívose das páxinas web destas institucións, polo que é posible que, aínda que non recollan na súa web a existencia destes servizos, realmente os ofrezan .

Condições de traballo e prevención de riscos laborais

UNIVERSIDADE	PROGRAMA	DURACIÓN	HORAS	PREZO
Centro de Estudios Financieros	Máster en Prevención de Riscos Laborais	9 meses	600 h	1.950-4.050 €
Centro de Estudios Financieros	Máster en Prevención de Riscos Laborais	9 meses	350 h	1.230-2.750 €
Centro de Estudios Financieros	Máster en Prevención de Riscos Laborais	9 meses	60 h	750 €
Fundació Politècnica de Catalunya	Programa de Máster Prevención de Riscos Laborais de Nivel Superior (a distancia)		620 h	2.635 €
Fundació Politècnica de Catalunya	Programa de Máster Prevención de Riscos Laborais de Nivel Superior (presencial)		620 h	3.660 €
Fundació Politècnica de Catalunya	Programa de Máster Prevención de Riscos Laborais de Nivel Superior (semipresencial)		680 h	4.810 €
Fundació Politècnica de Catalunya	Programa de Máster Prevención de Riscos Laborais de Nivel Intermedio (a distancia)		370 h	1.675 €
Fundació Politècnica de Catalunya	Especialista en Prevención de Riscos Laborais. Seguridade no traballo	8 meses	152 h	
Fundació Politècnica de Catalunya	Curso Especialización en Prevención de Riscos Laborais de Nivel Intermedio	8 meses	370 h	3.726 €
Fundació Politècnica de Catalunya	Curso Especialización en Prevención de Riscos Laborais de Nivel Intermedio	4 meses	370 h	2.220 €
Fundació Politècnica de Catalunya	Curso Especialización en Prevención de Riscos Laborais de Nivel Intermedio	1 ano	350 h	3.726 €
Fundació Politècnica de Catalunya	Auditor do Sistema de Xestión de Prevención de Riscos Laborais		80 h	800 €
Fundación para la Formación de Altos Profesionales (FUFAP)	Máster en Prevención de Riscos Laborais	1 ano	600 h	3.245 €
Fundación Universidad Empresa de la Provincia de Cádiz	Experto en Avaliación e Prevención de Riscos Laborais. Nivel Intermedio		320 h	1.260 €
Fundación Universidad Empresa de la Provincia de Cádiz	Experto de Técnico en Prevención de Riscos Laborais na Especialidade de Seguridade no Traballo		250 h	450 €
Fundación Universidad Empresa de la Provincia de Cádiz	Experto de Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais na Especialidade de Hixiene Industrial		250 h	450 €
Fundación Universidad Empresa de la Provincia de Cádiz	Experto de Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais na Especialidade de Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada á prevención. Curso semipresencial		250 h	450 €
Fundación Universidad Empresa de la Provincia de Cádiz	Máster de Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais nas Especialidades de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía. Curso semipresencial		250 h	450 €
Fundación URV (Universitat Rovira i Virgili)	Especialista Universitario en Saúde Laboral: Servizos de Prevención		200 h	
Fundación URV (Universitat Rovira i Virgili)	Diploma de Posgrao en Accidentes e Enfermidades no Ámbito Laboral		150 h	

UNIVERSIDADE	PROGRAMA	DURACIÓN	HORAS	PREZO
Institut de Ciència i Tecnologia (IUCT)	Máster en Prevención de Riscos Laborais	14 meses	600 h	4.120 €
UNED	Experto en Prevención e Control de Riscos Ambientais e Laborais	1 curso	360 h	991.65€ + 150,25€
Universidad Carlos III de Madrid	Máster en Prevención de Riscos Laborais	9 meses	600 h	5.002 €
Universidad Católica San Antonio	Máster en Prevención de Riscos Laborais		550 h	
Universidad Complutense de Madrid	Magister en Prevención de Riscos Laborais	1 ano	60 cred	1.352 €
Universidad Complutense de Madrid	Magister Prevención de Riscos Laborais	11 meses	600 h	
Universidad de Córdoba	Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Laboral	1 ano	600 h	2.345 €
Universidad de Alcalá de Henares	Máster Universitario en Prevención e Protección de Riscos Laborais	8 meses	600 h	3.750\$ USA
Universidad de Burgos	Máster en Prevención de Riscos Laborais	-	-	-
Universidad de Cantabria	Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais	9 meses	600 h	3.800 €
Universidad de Cantabria	Experto Universitario en Prevención de Riscos Laborais	9 meses	600 h	3.200 €
Universidad de Castilla-La Mancha	Máster Universitario Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais	23 semanas	460 h	3.000 €
Universidad de La Laguna	Máster en Prevención de Riscos Laborais	14 meses	600 h	4.056'83€
Universidad de Las Palmas de Gran Canaria	Especialista en Prevención de Riscos Laborais	1 curso		1.200 €
Universidad de Las Palmas de Gran Canaria	Máster en Prevención de Riscos Laborais	2 cursos		3.300 €
Universidad de Salamanca	Máster en Prevención de Riscos Laborais	9 meses	690 h	3.906 €
Universidad de Valladolid	Máster en Prevención de Riscos Laborais		600	2.700 €
Universidad de Valladolid	Especialista en Prevención de Riscos Laborais		350 h	1.928 €
Universidad de Zaragoza	Máster en Prevención de Riscos Laborais	1 ano	900 h	3.306 €
Universidad de Zaragoza	Especialización Curso de Adaptación Nivel Intermedio Superior de Prevención de Riscos Laborais	1 ano	550 h	0 € Subvencionado UGT
Universidad de Huelva	Máster en Prevención de Riscos Laborais (Semipresencial)		700 h	3.000 €
Universidad Miguel Hernández	Máster en Prevención de Riscos Laborais			
Universidad País Vasco	Máster Universitario: Técnico Superior Prevención de Riscos Laborais	8 meses	600 h	
Universidad País Vasco	Especialista Universitario: Prevención de Riscos Laborais	1 ano	350 h	
Universidad Pontificia de Comillas	Especialista en Prevención de Riscos Laborais		460 h de clase e 150 h de prácticas	4.000 €
Universidad Pontificia de Salamanca	Máster e Experto en Prevención de Riscos Laborais	1 curso	600 h	3.234 €
Universidad Pública de Navarra	Máster en Prevención de Riscos Laborais	1 ano	450 h	4.770 €
Universidad San Pablo-CEU	Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborales	1 ano		
Universitat de Girona	Máster en Prevenció de Riscos Laborals relacionats amb l'Ergonomia i a Psicosociologia Aplicada		300 h	150 + 1350 € (cada curso)

UNIVERSIDADE	PROGRAMA	DURACIÓN	HORAS	PREZO
Universitat de Girona	Màster en Prevenció de Riscos Laborals relacionats amb a Seguretat no Treball		300 h	151 + 1350 € (cada curso)
UOC	Prevención de Riscos Laborais. Nivel superior			
UOC	Prevención de Riscos Laborais. Nivel intermedio			
Universidade da Coruña	Master en Prevención de Riscos Laborais		600 h	
Universidade da Coruña	Curso de Posgrao en Prevención de Riscos Laborais		350 h	
